



## ANUNCIO

Para coñecemento xeral, e de conformidade co disposto no artigo 229 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, publícase que o alcalde ditou a seguinte:

### RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

LOGO DE VER a relación de procedementos concluídos que se poñen á disposición da Alcaldía (artigo 81.1.2) do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e artigo 3. 2 a) do Real decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da administración local con habilitación de carácter nacional).

TENDO EN CONTA que o Pleno do Concello, en sesión que tivo lugar o 26/06/2023, acordou ter sesións ordinarias cunha periodicidade bimensual; que aquelas terán lugar os derradeiros xoves de cada mes, ás 19:00 horas salvo o mes de xullo que se celebrarán ás 9:30 horas; e que se ese día cadra en festivo, a sesión se trasladará á véspera, celebrándose o primeiro pleno ordinario o último xoves hábil do mes de setembro do ano 2023.

TENDO EN CONTA que o artigo 123 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, establece que as comisións informativas (CI) son órganos sen atribucións resolutorias que teñen por función o estudo, informe ou consulta dos asuntos que teñan que someterse á decisión do Pleno do Concello e da Xunta de Goberno local cando esta actúe con competencias delegadas polo pleno, salvo cando teñan que adoptarse acordos declarados urxentes; e que o 26/06/2023 o Pleno do Concello, creou as CI de asuntos xerais, especial de contas, facenda e patrimonio, ordenación do territorio e urbanismo e familia, benestar, igualdade, cultura e ensino e mulleres.

TENDO EN CONTA que o artigo 78.2 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, establece que serán sesións extraordinarias aquelas que convoque o Alcalde con tal carácter e fora da periodicidade establecidas para as sesións ordinarias. Tendo en conta que non cabe a demora de tales asuntos para o seguinte pleno ordinario con esta data RESOLVO:

PRIMEIRO. CONVOCAR unha sesión ORDINARIA da Comisión informativa especial de contas, facenda e patrimonio para o

Día: 27/01/2025

Hora: 08:30 horas a 1.ª convocatoria e, se procédese, ás 09:30 horas a 2.ª convocatoria

Lugar: salón de sesións da Casa do Concello.

Orde do día:

#### I PARTE RESOLUTORIA

1.-Aprobar as actas das sesións anteriores:

1.1.-Acta da sesión ordinaria do 25/11/2024. Acta 08/2024..

1.2.-Acta da sesión extraordinaria do 12/12/2024. Acta 9/2024..

2.-Aprobar se procede o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos 01/2025 (2025/G006/000002).

#### II.-PARTE DE CONTROL.

3.-Rogos e preguntas.

SEGUNDO. NOTIFICARLLES esta resolución aos membros da CI, REMITÍNDOLLES as propostas de resolución dos asuntos incluídos na orde do día e os informes de Secretaría e Intervención no seu caso, poñendo a súa disposición os antecedentes daqueles na Secretaría do Concello, de luns a venres durante o horario da xornada laboral.

TERCEIRO. PUBLICAR esta resolución no taboleiro de edictos do concello (<https://sede.orosogal.com/opencms/gl/>) para os efectos do que dispón o artigo 229 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

CUARTO. DARLLE CONTA desta resolución ao Pleno do Concello.

En Oroso asinado dixitalmente polo Secretario.

Federico Suárez Cancelo.